



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 05/09/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e cinco minutos do día cinco de setembro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día catro de xullo do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación. Queda informada e conforme tamén a Corporación da rectificación dun erro material na acta da sesión do 9 de maio, punto 5º, relativo á solicitude de participación no Plan Concertado de servizos sociais, na que se omitira unha liña de texto na que figuraba a solicitude de axuda para accesibilidade e supresión de barreiras.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta de tres acordos de interese, adoptados por outros órganos de goberno, que se considera deben poñerse de manifesto ó Pleno: a aprobación dun convenio coa Sociedade



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

deportiva de cazadores Narahío-Igrefafeita, para a cesión de uso no seu favor da antiga escola unitaria de Vilarxá, en Naraío, segundo documento aprobado a tal finalidade pola Xunta de Goberno; a delegación de competencias da Alcaldía nun tenente de Alcalde durante uns días de agosto, por vacacións do Sr. Alcalde, e o convenio asinado co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a xestión do centro de día de San Sadurniño.

O Sr. Bedoya manifesta a conformidade do seu grupo coas dúas primeiras cuestións, pero en relación co convenio para a xestión do centro de día, di que o seu grupo aínda non tivo acceso ó contido dese convenio, que consideran de grande importancia e con repercusións económicas destacadas non soamente para este ano, senon tamén para os seguintes. Di que non poden dar a súa aceptación sen coñecer o texto, e que consideran necesario un debate previo sobre o asunto, manifestando a súa radical disconformidade coa ocultación á oposición do contido do convenio.

O Sr. Alcalde resposta que o contido do convenio de que se trata é consecuencia dos anteriormente asinados para a participación no Consorcio e para a construción do centro de día, que é como sempre se xestionan os investimentos da Xunta e que nunca houbera problemas para facer así por parte da oposición no Concello. Di tamén que non se ocultou nada á oposición, senon que se tratou simplemente dun erro administrativo, por non deixar unha fotocopia do texto do convenio cando se remitiu para a súa sinatura pola xerencia do Consorcio, e que tan pronto como se devolva, os concelleiros poderán obter copias do seu texto. Remata decindo que en calquera caso, é o mesmo convenio asinado noutros concellos, polo que se pode acceder ó seu texto a través da Consellería, e que el aínda non vira o asinado para a xestión do Punto de Atención Continuada.

O Sr. Bedoya intervén novamente para dicir que cando se fixo o PAC tamén houbera críticas dos outros grupos políticos, e que é obriga do Concello facilitar a información de que se trata, insistindo en que non se pode opinar sen coñecer o texto que non se lles facilitou, e cuestionando ademáis as razóns polas que o concelleiro do PSOE abstivérase na votación do asunto na Xunta de Goberno.

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que a razón da súa abstención foi a indeterminación da contía dos gastos ós que debe facer fronte o Concello no texto do convenio, posto que soamente se indica unha limitación formulada en función do importe total dos gastos de funcionamento do centro, o que dificulta a avaliación de se son asumibles económica e orzamentariamente para o Concello ou non, entendendo por outra banda que a Xunta debe facer fronte ó custo do exercicio das súas competencias.

O Sr. Bedoya indica que se vindo o texto xurden dúbidas, reafírmase na súa opinión de que é imposible pretender que se aprobe sen velo.

O Sr. Alcalde di que a razón de ser do Consorcio é que os concellos pequenos, que non poden abordar cos seus medios os gastos totais da prestación dos servizos sociais, como a construción do centro de día, poidan prestar estes servizos ós seus veciños, e que únicamente haberá que asumir o mesmo gasto de mantemento que noutros edificios públicos. Ademáis, a través da Fegamp, tratarase de acadar outro sistema de financiación.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya resposta que o que se discute non é a existencia do centro de día, senon únicamente a forma de aprobar o convenio para o seu funcionamento, sen informar á corporación, cando o Concello xa aportou o terreo necesario e máis unha parte do custe de construción.

A Corporación queda finalmente enterada dos asuntos obxecto do presente punto da Orde do Día.

TERCEIRO. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2008.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2008, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 143, do día 24 de xuño de 2009, sen que durante os prazos regulamentarios de exposición pública se presentase reclamación ou reparo algún. En consecuencia, propónse polo Sr. Soto, Concelleiro de Facenda, a aprobación da mesma, tras explicar que as percentaxes de execución do orzamento, tanto en ingresos como en gastos, e dos investimentos previstos, superaron o noventa por cen, polo que se valora positivamente a previsión e a xestión do orzamento do 2008. O Sr. Bedoya interven brevemente, para dicir que o seu grupo vaise abster, xa que non apoiaron no seu día o orzamento ó que corresponde esta Conta Xeral.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco abstencións, dos concelleiros do PP, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2008, sendo o seu resume o seguinte:

A) Conta Xeral de 2008:

1) Balance de situación: 13.108.737,51

2) Conta de resultados:

a) Resultados correntes do exercicio: 905.363,36

b) Resultados extraordinarios: 0

c) Resultado da carteira de valores: 0

3) Liquidación do Presuposto:

- Dereitos recoñecidos netos: 2.518.311,18

- Obrigas recoñecidas netas: 2.483.041,10

- Resultado presupostario: 35.270,08

4) Estado demostrativo de exercicios pechados:

- Obrigas pendentes de ordear: 15.963,96

- Dereitos pendentes de cobro: 15.356,12

5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0

6) Estado de Tesorería:

- Existencia final en bancos: 510.416,86.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

2º.- Ordea-la remisión dunha copia da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas, en aplicación do establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

CUARTO. DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LABORAIS PARA 2010.

Dase conta da necesidade de determinar as datas das festividadeas laborais de carácter local para o próximo ano 2010, en cumprimento do solicitado desde a Consellería de Traballo como cada ano. O Sr. Alcalde propón manter as datas tradicionais: o martes de Entroido, que no 2010 será o 16 de febreiro, e Santa Isabel, que se celebrará o 2 de xullo. Os restantes concelleiros amósanse conformes con esa proposta, e a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda fixar como festividadeas laborais para 2010 os días 16 de febreiro, Martes de Entroido, e 2 de Xullo, Santa Isabel, ordeando a remisión dunha certificación do presente acordo á Consellería competente.

QUINTO. MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE A SUPRESIÓN DA GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

Dase conta da moción de que se trata, que seguidamente le o portavoz do BNG, Sr. Soto, e que literalmente di:

"As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma causa: que os libros de texto escolares sexan gratuítos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como di a Constitución española no seu artigo 27.4 o "ensino básico é obrigatorio e gratuíto", os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindible que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico non se cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Por Orde de 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galiza do 12 de xuño), convocouse o programa de gratuidade de libros de texto nos centros de ensino sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos, e establecéronse as súas normas de organización e funcionamento como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coidado do ben colectivo.

No curso 2009-2010 dase un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellaría de Educación de desmantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsado polo goberno anterior con presenza do BNG.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o goberno do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Desde o BNG, queremos lembrar, que a día de hoxe hai en



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Galiza 82.000 familias agardando que a Consellaría de Educación defina a súa política en materia educativa, porque aínda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e qué vai pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptábel a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galiza do 18 de xuño, admitidas tamén polo presidente da Xunta de Galiza. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellaría de Educación está levando adiante nestes primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuito do ensino, e evidencia unha vez máis a política negligente que este goberno está a levar a cabo.

Esta medida non pode ser a resposta do Goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o Goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias, e non usar a crise como pretexto para artellar discrecionalmente calquera tipo de política, mesmo aquelas que supoñen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o Goberno debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.

A tres meses da toma de posesión non sabe qué política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

É curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que, por unha banda, realiza unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que queren os contidos dos libros de texto e, pola outra, toma despoticamente a decisión de eliminar a gratuidade dos mesmos.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior goberno da Xunta de Galiza introducía a solidariedade de compartir os libros, e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por todo isto, o BNG propónlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico."

A Corporación, de maneira unánime, acorda declarar o asunto urxente, incluíndoo na Orde do Día da presente sesión e pasando de seguido ó seu debate:

O Sr. Soto di que medidas como esta conducen á confusión entre os pais, supoñen un retroceso e infrinxen o establecido constitucionalmente sobre a gratuidade do ensino obrigatorio, cambiando préstamo para todos por subvencións selectivas.

O Sr. Bedoya interven para dicir que o seu grupo está en contra desta moción, e que considera axeitada a decisión da Xunta, que suporá axudar a quen non teña medios e que pague os libros quen teña unha situación económica que lo permita, como medida de redistribución de rendas.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que a medida lle parece un retroceso político, que no ensino obrigatorio a gratuidade debería ser a norma, e que especialmente nestes tempos de crisis económica sería bo para as familias que se mantivera esa gratuidade.

Interven seguidamente o Sr. Soto, reiterando primeiramente a posible inconstitucionalidade da medida, calificando de populista a súa xustificación na austeridade, cando se segue a financiar ós centros concertados e indicando que non é senon outra manifestación máis da nefasta política educativa, contra a que xa se anuncian manifestacións das ANPAs, a engadir ó tema da anulación do Decreto do galego, os cambios nas escolas infantís, o problema dos comedores escolares ou o dos centros concertados. Na súa opinión non hai progresividade algunha nesta medida.

Fala de novo o Sr. Bedoya, para dicir que todos pagamos cos nosos impostos cousas que soamente uns poucos usan, como a universidade pública, que o goberno bipartito da Xunta tivo catro anos para rematar coa financiación do ensino concertado e non o fixo, e que a supresión da gratuidade indiscriminada dos libros de texto formaba parte dos compromisos electorais do seu partido, que obtiveron un apoio electoral maioritario nas recentes eleccións ó Parlamento de Galicia.

O Sr. Alcalde di que este debate é ideolóxico pero para falar cunha dereita moderna, non como a que temos aquí, que o PP cambiou radicalmente a súa postura desde 2005, cando iniciou o programa de gratuidade e que se trata dun debate falso, porque o anterior sistema de préstamo universal era máis barato que o que aplicará a Xunta. Remata decindo que o seu grupo defende un ensino e unha sanidade universais e gratuitos.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

SEXTO. MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE O CESE DA RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS POR PARTE DE SOGAMA.

Dase conta da moción de que se trata, que seguidamente le o portavoz do BNG, Sr. Soto, e que literalmente di:

“A Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ven de comunicar que a partires do 1 de setembro de 2009 procederase ao cesamento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos concellos adheridos.

O cesamento na prestación do servizo de retirada de residuos voluminosos por parte de SOGAMA, para o seu posterior tratamento, prodúcese de xeito unilateral, sen ningún tipo de negociación previa cos concellos afectados, que a partir do 1 de setembro terán que facerse cargo, individualmente, da recollida e entrega deste tipo de residuos a un xestor autorizado.

Con este anuncio, a Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) podería estar a incumprir as condicións pactadas cos concellos no momento da súa adhesión, sen que nin a Xunta nin a propia SOGAMA ofrezan ningunha solución alternativa e viábel aos Consellos



afectados, que, ademais de ter que artellar sistemas de recollida, verán como os custes do tratamento destes residuos se incrementan de xeito exponencial.

A falla dun sistema homoxéneo para a retirada destes residuos, xunto co incremento significativo dos custes, precisamente nun momento no que como consecuencia da crise económica e das deficiencias do sistema de financiamento local as facenda municipais están a pasar por situacións moi difíciles, podería derivar na proliferación de vertedoiros incontrolados ou, no mellor dos casos, cando o tratamento se faga conforme á legalidade e por un xestor autorizado, no traslado do incremento dos custes ao recibo do lixo que terán que soportar os/as veciños/as dos concellos afectados.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza e á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) ao mantemento da recepción de residuos voluminosos procedentes dos municipios adheridos, nas condicións que o viña facendo até agora, para o seu posterior tratamento por un xestor autorizado e conforme á normativa vixente.

2. No seu defecto, instar á Xunta de Galiza a que aporte unha solución alternativa e viábel, que non supoña un incremento do recibo do lixo dos concellos afectados."

A Corporación, de maneira unánime, acorda declarar o asunto urxente, incluíndoo na Orde do Día da presente sesión e pasando de seguido ó seu debate:

O Sr. Soto di que isto supón un incumprimento unilateral por parte de SOGAMA das condicións establecidas nos convenios asinados cos concellos, xerando neles un problema importante de sobrecustos que se deberán transferir ós usuarios, e a cambio dunha simple información sobre empresas que prestan o mesmo servizo tres veces máis caro e sen mellorar as garantías ambientais, indicando que tanto a Xunta como SOGAMA deben cumprir os seus compromisos, aínda que para elo teñan que revocar algunha das disposicións vixentes en relación coas autorizacións ambientais.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que ó actual grupo de goberno lle parece mal calquera medida que adopte agora a Xunta, pero que neste caso trátase dunha decisión xa adoptada polo anterior conselleiro da área, Pachi Vázquez, e que xa se iniciaran incluso conversas coa Fegamp, para tratar de acadar un acordo sobre a financiación deste servizo de recollida de voluminosos polos concellos. Manifesta a postura do seu grupo, contraria ó contido desta moción e reclama que o asunto se trate coa necesaria seriedade, xa que a solución é complicada debido á mala xestión realizada nos últimos tempos.

Interven a continuación o Sr. Márquez, para dicir que a maneira de comunicar ós concellos as modificacións a aplicar resultou pouco delicada, unilateral e precipitada, xa que a partir deste mes de setembro os concellos deben asumir a recollida; que a Xunta debería facerse cargo alomenos dunha parte do custo que vai suponer este servizo e non simplemente desentenderse e trasladar o problema ós concellos, e que se está a buscar unha solución, pero non parece posible evitar un importante incremento de custos.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Alcalde participa no debate para dicir que aínda que os convenios de adhesión a SOGAMA eran ambientalmente discutibles, o certo é que resolvían o tema da recollida selectiva, que agora se retira unilateralmente, dando a sensación de respostar a intereses ocultos, dalgún grupo empresarial. O único que se pide desde os Concellos é que se respecten os compromisos adquiridos no seu día por unha empresa que ademais é semipública.

Sometido seguidamente a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á moción de que se trata.

SÉTIMO. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 12 SOBRE O USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de modificación desa Ordenanza Fiscal, para recoller unha pequena suba do prezo dos bonos para a piscina municipal, que levan anos sen modificación, e sobre todo para incluír o ximnasio municipal, recentemente rematado e que abrirá as súas portas próximamente. A aprobación desta modificación require a maioría absoluta do número legal de membros do Pleno. O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Bedoya toma a palabra para dicir que o funcionamento da piscina este verán deixou moito que desexar, que ten información sobre irregularidades nos horarios, vestiarios mal atendidos igual que a cantina, e que nestas condicións non considera axeitada unha suba de prezos. Pregunta tamén cantos aparatos haberá no ximnasio, respostándose polo Sr. Soto que máis ou menos doce, e indica que o prezo recollido na Ordenanza debería axustarse todo o posible. O Sr. Soto interven para indicar que os prezos propóñense con referencia a outros de concellos similares, e que o Concello non é unha ONG, e o Sr. Bedoya remata decindo que hai veciños que deixaron de ir á piscina por estas deficiencias, que hai que axustar os prezos e mellorar a xestión da piscina, e que mentres iso se fai, o seu grupo votará negativamente a modificación de que se trata.

Toma a palabra novamente o Sr. Soto, para dicir que este ano realizouse un esforzo económico importante para a mellora da piscina e da área recreativa na que se atopa, que presentaba deficiencias, parte delas a consecuencia da realización da obra das gradas do campo de fútbol, co pintado de dependencias, cambio do peche e mellora das zonas verdes. Conseguiuse un contrato de mantemento máis barato que en anos anteriores, e os ingresos por aplicación da Ordenanza melloraron tamén. Finalmente, acadouse, sen sobrecoste algún, unha extensión do período de apertura por dúas semanas, e nestes dous últimos anos non se presentou nin unha soa queixa por escrito, e simples comentarios hainos para tódolos gustos. Por outra banda, realizáronse pola Xunta tres inspeccións sanitarias, sen que se formulase observación algunha sobre a calidade da auga. O Sr. López Gudín engade que tamén se



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

resolveu o abastecemento da instalación con auga tratada, xa que antes a acometida viña directa da traída, o que pode que causara algún problema puntual coas duchas.

Remata o debate o Sr. Alcalde sinalando que a piscina funcionou correctamente, a auga estaba limpa igual que os vestiarios, e non se poden evitar os comentarios da xente. En calquera caso, é preciso un esforzo constante na mellora da calidade dos servizos, e a colaboración de todos nese sentido, avisando de posibles deficiencias para a súa pronta subsanación, En particular no caso da piscina, hai que acondicionar o entorno para que sexa agradable, vaise facer un novo parque infantil e un peche de separación do campo de fútbol.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco votos en contra, dos concelleiros do PP, acorda prestarlle a súa aprobación á modificación da Ordenanza Fiscal nº 12, reguladora da Taxa pola prestación de servizos consistentes na utilización de instalacións deportivas municipais, tal como figura no correspondente expediente, ordeando a exposición ó público do contido do presente acordo e a realización dos trámites necesarios para a entrada en vigor desa Ordenanza coa brevidade posible.

OITAVO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya comeza formulando o rogo de que se poden as árbores existentes na zona do Campo da Feira e o parque infantil alí existente. O Sr. Alcalde toma nota dese rogo.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya se se vai contar coa oposición para concretar as obras do POS do ano 2010. O Sr. Alcalde resposta que poden facer en calquera momento as propostas que consideren oportunas de obras a incluír non soamente no POS, senon tamén nos outros plans nos que participará o Concello, como o Plan de Cooperación, co que se prevé realizar obras de infraestrutura hidráulica.

Segue a preguntar o Sr. Bedoya polas obras do FEIL, se están rematadas e cantos traballadores empregaron. O Sr. Alcalde resposta que varias delas xa están rematadas, fallan dúas por rematar que xa están en execución. Polo referido ó emprego xerado, hai no expediente unha memoria detallada sobre ese particular, asinada polas empresas contratistas, que está ó dispor dos concelleiros.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya pola contratación doutra persoa para realizar funcións de técnico de emprego. O Sr. Alcalde explica que se trata dunha praza de orientador laboral, dependente da Consellería de Traballo da Xunta, que realizará durante seis meses funcións de apoio ó asesoramento laboral e entrevistas curriculares.

A seguinte pregunta do Sr. Bedoya refírese ó estado de tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O Sr. Alcalde resposta que agora se fala dunha modificación da vixente Lei, que non se sabe aínda en que consistirá, e que pode obrigar a redefinir os núcleos de poboación; di tamén que recentemente se celebrou unha xuntanza con Augas de Galicia, para tratar da delimitación de zonas inundables, que debe figurar na documentación do Plan e que se está retrasando pola prioridade dada ás zonas costeiras.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Pregunta tamén o Sr. Bedoya polo proxecto de converter en vivendas sociais dúas antigas escolas unitarias, respostándose polo Sr. Alcalde que eso depende da Xunta, e que os edificios xa están cedidos.

O Sr. Bedoya pregunta logo polas marquesinas solicitadas para a parroquia de Igrexafeita, e o Sr. Alcalde di que se instalarán cando sexa posible. Pregunta tamén pola venda dos terreos da antiga conserveira O Cisne, a se o Concello participou na subhasta na que se realizou esa venda. O Sr. Alcalde resposta que o Concello carece dunha partida orzamentaria adecuada para elo, e que ademáis eses terreos tampouco teñen destino proxectado polo Concello.

Pregunta finalmente o Sr. Bedoya se se vai comprar o edificio do antigo cine, e o Sr. Alcalde resposta que se fará se a Deputación financia esa operación. O Sr. Bedoya pide que se estude ben esa posible merca e se evalúen os custos e as posibilidades.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,